

Terras de Santiago



As nosas
rutas de senderismo



A Baña



A Baña ofrece unha interesante rede de rutas, entre elas destacan a Ruta de Santa Mariña, a Ruta dos Muíños da Baña, a Ruta da Ribeira do Tambre, a Vía Mariana, o Camiño a Muxía por Brandomil e a Ruta Literaria As Rapazas de Xan. Estes percorridos atravesan bosques autóctonos, ribeiras fluviais, antigos camiños históricos e lugares de gran valor etnográfico.

A Ruta dos Muíños permite coñecer o legado hidráulico tradicional do municipio, mentres que a Ruta da Ribeira do Tambre ofrece a oportunidade de descubrir a biodiversidade do río e espazos singulares como o Carballo de Cancelos.

Rutas históricas e literarias completan unha oferta que combina natureza, cultura e sendeirismo, convertendo A Baña nun destino atractivo para quen busca xunta natureza, cultura e sendeirismo nun mesmo territorio.





Ames destaca pola súa variada oferta de rutas, entre as máis representativas atópanse a Ruta de Riamonte, a Ruta do Rego do Andoriña, a Senda Verde e a ruta literaria As Pegadas de Rosalía, que é quen de combinar patrimonio, literatura e territorio. A Ruta de Riamonte sobresae pola presenza de antigos muíños e elementos da arquitectura hidráulica tradicional, mentres que as rutas do Rego do Andoriña permite gozar de contornas naturais ben conservadas, como a praia fluvial de Tapia.



Pola súa parte, a Senda Verde conecta os principais núcleos urbanos do concello de Ames.

Para finalizar, un dato sorprendente: ata tres Camiños de Santiago pasan por Ames: o Portugués, o de Fisterra-Muxía e o Camiño da Ría de Muros Noia.



Boqueixón



Boqueixón reúne unha interesante variedade de rutas que facilitan descubrir a riqueza natural, histórica e paisaxística dun territorio fortemente ligado á tradición xacobeá. Entre os percorridos máis destacados atópanse a Ruta do Pico Sacro e a Ruta de Pescadores, así como os itinerarios asociados á Vía da Prata e ao Camiño de Inverno. Estas propostas ofrecen a oportunidade de coñecer algúns dos lugares máis emblemáticos.

O Pico Sacro, envolto en lendas e vinculado á historia de Santiago Apóstolo, constitúe un dos principais símbolos e un punto de referencia para visitantes e peregrinos. A diversidade destes itinerarios permiten percorrer bosques autóctonos, vales e camiños tradicionais que conservan a esencia da paisaxe rural galega, conformando un destino ideal que combina sendeirismo, patrimonio e natureza.




Brión



Brión conta cunha variada oferta de rutas que fan posible descubrir a riqueza natural, cultural e patrimonial do municipio. Entre as máis destacadas atópanse a Ruta do Río Pego e Carballeira de Santa Minia, a Ruta das Ribeiras do Sar, a Ruta do Río Tambre, a Ruta da Lamprea e a Ruta dos Cruceiros. Estes percorridos permiten coñecer bosques de ribeira, paisaxes fluviais, espazos naturais de gran valor ecolóxico e elementos ligados á historia e ás tradicións locais. Destacan lugares como a carballeira de Santa Minia, os cruceiros tradicionais ou os espazos vinculados á pesca da lamprea, que achegan unha visión completa da identidade do territorio.



Negreira ofrece rutas que permiten descubrir o patrimonio histórico, cultural e natural dun territorio fortemente vinculado ao Camiño de Santiago. Entre as máis destacadas atópanse a Ruta dos Tres Pazos e o paseo fluvial do Río Barcala. A primeira permite achegarse á arquitectura señorial e á historia local a través dalgúns dos edificios máis representativos do municipio.



Pola súa parte, o paseo fluvial percorre unha agradable contorna natural marcada pola presenza da auga e da vexetación autóctona. Ademais, a proximidade do Camiño de Santiago reforza o valor cultural destes itinerarios, converténdoo nun atractivo complemento.





A Ruta Rosaliana mostra algúns dos lugares máis emblemáticos da vida e da obra de Rosalía de Castro, converténdose nun dos principais atractivos culturais de Padrón. O itinerario inclúe espazos de especial relevancia como a Casa da Matanza, actual Casa-Museo da autora, onde pasou os seus últimos anos e escribiu parte das súas obras máis recoñecidas.



Ao longo do percorrido, os visitantes poden descubrir paisaxes, camiños e recunchos que axudan a comprender a profunda relación de Rosalía coa terra galega, coa realidade social do seu tempo e coas paisaxes que lle acompañaron ao longo da súa vida. A ruta ofrece unha experiencia única para achegarse ao legado dunha das figuras máis importantes da cultura galega. Como non podía ser doutro modo, Camilo José Cela tamén conta co seu propio roteiro cultural. E unha orixinal ruta circular páséanos polas pesqueiras de lamprea do río Ulla.



Rois ofrece rutas que combinan patrimonio, paisaxe e tradición. Entre elas destaca a Ruta das Penicias, un percorrido que permite gozar de amplas panorámicas a través de espazos forestais, pequenas elevacións e zonas rurais que reflicten a diversidade da paisaxe local. Pola súa parte, a Ruta do Castro Lupario achega aos visitantes a un dos enclaves arqueolóxicos máis importantes da comarca, vinculado ás lendas da raíña Lupa e á tradición xacobeá. Este itinerario permite coñecer a importancia histórica do castro ao tempo que ofrece vistas privilexiadas sobre os vales da contorna. E a ruta Rosalía nos camiños permite descubrir as paisaxes que inspiraron a escritora galega máis universal.

Santa Comba



Santa Comba ten vinculados ao río Xallas moitos dos seus principais atractivos naturais. Por exemplo, a Ruta das Fontes do Xallas permite achegarse ao lugar onde nace este emblemático río galego, ofrecendo unha experiencia centrada na paisaxe e nos recursos hídricos da comarca, permitindo comprender a importancia histórica, económica e ambiental que o río tivo para o territorio. A presenza constante da auga, a riqueza dos ecosistemas fluviais e a beleza da paisaxe converten esta ruta nunha excelente oportunidade para descubrir o patrimonio natural de Santa Comba.



Pola súa parte, a Ruta do Wolfram, percorre paraxes na zona da Mina de Varilongo, un elemento vital na historia socio-económica do século XX na comarca do Xallas e en toda Galicia.

Teo



Teo destaca pola presenza de espazos fluviais que permiten descubrir a riqueza natural e paisaxística do municipio a través de percorridos moi variados. Entre as propostas máis representativas atópanse itinerarios que teñen a auga como elemento vertebrador da experiencia. A Ruta Teo–Pontevea–Xirimbao segue o curso do río Ulla e conecta lugares tan coñecidos como Pontevea e a área recreativa de Xirimbao, permitindo coñecer bosques de ribeira, paisaxes fluviais e tradicións históricas ligadas á pesca da lamprea. Pola súa banda, o paseo fluvial da Burga de Xermeade desenvólvese arredor dunha singular surgencia de auga que favorece a presenza dunha abundante vexetación e dun ambiente especialmente agradable para o paseo. Ambas rutas permiten achegarse á dimensión natural de Teo desde perspectivas diferentes, combinando patrimonio, biodiversidade e paisaxe nun conxunto de gran atractivo.

Val do Dubra



Val do Dubra presenta unha das ofertas de sendeirismo máis variadas, con percorridos que permiten descubrir a estreita relación entre a auga, os bosques e a paisaxe tradicional galega. Entre as rutas máis destacadas atópanse a Ruta do Río Dubra, que percorre arredor de seis quilómetros xunto ao cauce fluvial, atravesando bosques autóctonos de gran valor ecolóxico. A Ruta das Carballeiras, que permite coñecer as carballeiras de Bembibre, un dos espazos forestais máis representativos do municipio.

Pola súa parte, a Ruta do río Tambre combina patrimonio hidráulico e paisaxe fluvial, destacando a presenza dos históricos muíños de Rodas. Finalmente, a Ruta da Fervenza do Rexedoiro conduce ata unha espectacular fervenza rodeada de vexetación e formacións rochosas.





Entre os itinerarios máis representativos de Vedra atópanse as seguintes: a Ruta dos Muíños do río Merín que permite coñecer antigos muíños restaurados, mostrando a importancia histórica do aproveitamento da enerxía hidráulica. Pola súa parte, a Ruta do río Pereiro-Salles percorre un corredor fluvial rodeado de vexetación autóctona e bosques de ribeira de gran valor ecolóxico.

As Rutas Cicloturísticas do Val do Ulla ofrecen unha visión máis ampla do territorio, atravesando viñedos, aldeas tradicionais, pazos e paisaxes vinculadas á produción vitivinícola. Finalmente, a Ruta de San Xoán da Cova PRG-36 ofrece panorámicas sobre o río Ulla que combinan patrimonio, natureza e paisaxe. Propostas que converten Vedra nun destino ideal para descubrir a diversidade cultural da nosa terra.





Terras de Santiago



Santa Comba

www.santacomba.es

981 88 00 75



Val do Dubra

www.valdodubra.gal

981 88 90 00

A Baña

www.concellodabana.gal

981 88 65 01



Ames

www.concellodeames.gal

981 88 30 02



Boqueixón

www.boqueixon.gal

981 51 30 61



Negreira

www.concellodenegreira.gal

981 88 52 50



Brión

www.concellodebrion.gal

981 88 70 06



Rois

www.rois.gal

981 80 41 09



Padrón

www.padron.gal

981 81 04 51



Teo

www.teo.gal

981 81 57 00



Vedra

www.concellodevedra.es

981 81 46 12



Cibrán, nº4 - San Xian de Sales, 15885 Vedra | Teléfono: 981 81 83 57

info@terrasdecompostela.org | www.terrasdecompostela.org

GDRTerrasDeCompostela



Terras de Santiago